

## POESÍA MALLORQUINA

A coidada traducción que fai Xavier Rodríguez Baixeras da *Obra poética* de Bartomeu Rosselló-Pòrcel (1913-1938) permítenos tomar contacto co verso dun dos autores máis representativos da poesía mallorquina que, malia a súa prematura morte, completou un conxunto de cincuenta poemas marcados pola pegada do barroco e da vangarda (sobre todo, do surrealismo, o futurismo e o neopopularismo). A interrogación metapoética tamén está presente nos seus breviarios -*Nou poemes* (1933) e *Quadern de sonets* (1934)- así como no único libro que deixou publicado: *Imitació del foc* (1938). Todos eles aparecen recollidos na edición que asina Joan Mas i Vives para Espiral Maior.

*Tempos Novos*, 75, Agosto 2003, p. 68